






NARÓN

CONCELLO DE NARÓN

Datos Do Expediente:

CURSOS	
Unidade Tramitadora:	
Promocion e Emprego – GPV	
Número expediente:	Documento:
 EMP/10/2024	 EMP18I010
6Z5D00604Q4J6S1Q06KY 	

Asunto: Informe sobre a insuficiencia de medios para a realización de itinerarios formativos de permiso de condución.

Yolanda Martínez García, xefa do Servizo Sociocomunitario, en relación co asunto de referencia, emite o seguinte

INFORME DE INSUFICIENCIA DE MEDIOS

En base ao disposto no artigo 116.4.f) da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 201/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, cando se faga necesario celebrar un contrato de servizos, previamente deberase xustificar adecuadamente no expediente a insuficiencia de medios.

Esta necesidade de contratación externa, debida á insuficiencia de medios, sigue os principios de estabilidade orzamentaria e de sostibilidade financeira á que fai referencia nos artigos 3º e 4º, respectivamente, a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.

A formación é unha das bases da empregabilidade das persoas, xa que mellora as súas competencias e cualificacións, facéndoa máis competitiva no mercado laboral e servíndolle de promoción social na maioría dos casos, diminuindo as posibilidades de caer na exclusión social.

Neste contexto, o Concello de Narón non conta con persoal especializado para realizar accións formativas, polo que ineludiblemente debe contratar a docencia con empresas especializadas no seu desenvolvemento, e que contén coas garantías suficientes para acometer con éxito esta necesidade que temos.

Por todo o indicado, se informa sobre a insuficiencia de medios para a realización de accións formativas de permiso de condución.